

## RECOMENDACIÓNS PARA O PERÍODO DE CONFINAMENTO:

( del 24 ao 31 de marzo)

Vos invito a realizar as seguintes actividades:

Para traballar a **EXPRESIÓN ORAL e a MEMORIA AUDITIVA:**

- Xogar a dicir palabras que empecen por un fonema (letra) determinado ou descubrir se unha palabra o contén.

- Xogar a: . “Vexo, vexo” (pódese xogar dicindo a primeira sílaba dunha palabra:” Vexo unha cousa que empeza por `Ven.....’(ventá)”, etc.

- Estimulalo para que nos conte situacións, invente historias o que describa imaxes, utilizando cada vez máis palabras.

- Xogar a:

. “Da Habana veu un barco cargado de ...” alimentos, monumentos, etc. (hai que ir dicindo cousas das que ven cargado o barco)

. “O carro da compra”: xógase dicindo “Fun o mercado e comprei ...leitugas”, el/ela seguinte repetirá “fun o mercado e comprei leitugas e ... leite”. El/A que siga a repetir “fun o mercado e comprei leitugas, leite e...tomates” e así sucesivamente.

Para traballar a **COMPRESIÓN ORAL:**

- Contarlle un conto e que nos explique despois o que escoitou.

- Seguir varias instrucións verbais.

Para traballar a **EXPRESIÓN ARTÍSTICA :**

- Debuxar libremente.

- Debuxar copiando dun libro, foto,...

- Debuxar a partir de algo lido.

- Encher, sen saírse e sen deixar buratos, calquera tipo de debuxo.

Para traballar a **LÓXICA-MATEMÁTICA:**

- Contar calquera tipo de cousas: mazás, tomates, cunchas, pedras,...

- Clasificar obxectos segundo unha determinada característica: xunta pezas de cor..., de forma..., que sirvan para ....

- Operacións de cálculo mental básico: si temos 4 ovos e utilizamos 2 ¿Cantos quedan?

- Con pinzas, botóns, tapóns ou pasta: que agrupen por cor, tamaño, cantidade que lles digades, ... ; ordenar de maior a menor, de máis finos a máis grosos , ...

**TAREFAS QUE PONDEN FACER NA CASA:**

- Sacar a roupa da lavadora.
- Colocar a súa roupa dentro do armario, ordenar a súa habitación, recoller as súas pertenzas,...
- Poñer e quitar a mesa.
- Axudar a preparar o xantar ou gardar os alimentos.

**RECURSOS WEB:**

<https://youtu.be/MI1S5rM0ou0> ( un pouquiño de xoga para relaxar9

<https://www.jigsawplanet.com/> (para facer quebracabezas).

Tamén vos deixo unhas cantas fichas.

Agardo con ansia volver vestir o mandilón e vevos axiña. Coidádevos moito e facede caso aos maiores.

Ángeles